



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 29 DE ABRIL DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e nove de abril de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e cinco de abril de dous mil trece (extraordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENZA DE OBRAS RIB/C/51.4/11. -

Visto o escrito presentado por **Don Antonio Domínguez Francisco con DNI nº 34.553.593-J**, onde solicita Licenza de Obras para substitución da cuberta nunha vivenda unifamiliar, según Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Don José Benito Dávila Fuertes e visado en data de 06.03.2013.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 29 de abril de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras”

Visto o informe xurídico de data 29 de abril de 2013 no que se conclue o seguinte:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico ”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

1. Conceder licenza de obras a **Don Antonio Domínguez Francisco con DNI nº 34.553.593-J** para substitución da cuberta nunha vivenda unifamiliar, na Rúa Camiño do Muíño nº 19 (Ref. Catastral 000200900NG78C0001MR), en San Cristovo.
2. Procedera a devolución dos 42 euros pola licenza de obra menor solicitada anteriormente, a cal estará a súa disposición na Tesourería municipal.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.


Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Substitución da cuberta nunha vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 30.187,19 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Camiño do Muíño nº 19, en San Cristovo.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Redactor do Proxecto: Don José Benito Dávila Fuertes.

Dirección da execución das obras: Don José Benito Dávila Fuertes.

Nome ou razón social do promotor: Don Antonio Domínguez Francisco.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 13/03/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 784,87 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 30.187,19 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo a contía coa xa aboada.

Importe execución material / coste da obra:	30.187,19 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	784,87 €	
Aboado por autoliquidación:	784,87 €	13-03-13
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.
- **RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:**
Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.
Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público.
Manterase en todo momento a limpeza do vial público.
- Deberán cumprirse as seguintes condicións do informe técnico de data 29 de abril de 2013:
 - o *Visto o estado actual das fachadas ca pintura levantada e os paramentos sucios, será unha obriga da propiedade a limpeza e posterior pintura as fachadas nun cor semellante ao existente.*

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito dos veciños de San Andres, Don José Antonio Rodríguez Fernández e Don Seraffín Rodríguez Durán con data RE 16 de abril de 2012 N° RE 2102, relativo a adopción de medidas oportunas, para que se eviten corrimientos de terras.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación de Ourense, con data RE 26 de abril de 2013 N° RE 2222, relativa a posta a disposición da cidadanía de asesoramento xurídico en relación coa compra de participacións preferentes.
2. Comunicación da Confederación Hidrográfica, con data RE 29 de abril de 2013 N° RE 2236, relativa aarquivo de actuacións realizadas poo concello de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS.-

Dase conta por parte do Secretario do expediente tramitado relativo a contratación da poliza do seguro para o Servizo Municipal de Deportes.

No expediente constan os seguintes documentos:

1. Informe de Intervención 25 de abril de 2013
2. Valoración das ofertas efectuado polo Técnico Municipal de Deportes

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda a adxudicación do contrato da policia do seguro para o Servizo Municipal de Deportes a empresa BOUZA Y RODRIGUEZ (ALLIANZ) ao ser a que presenta a oferta económica mais vantaxosa, concretamente 694,96 euros cun capital asegurado tanto para o sinistro como por ano de 600.000 euros e un sublimite por vitima de 300.000 euros. Surtindo efectos o contrato a partir da recepción da presente notificación.

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO "REHABILITACIÓN DA AREA RECREATIVA A VERONZA O XESTAL".-

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato de *"Rehabilitación da Area Recreativa a Veronza o Xestal"*.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó 05 de marzo de 2013, mediante acordo de Xunta a Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedendose a invitación de empresas en data 06 de marzo de 2013.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 01 de abril de 2013, abríndose posteriormente en data de 03 de abril de 2013 o sobre C e B,



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

comprobándose que neste derradeiro sobre dúas empresas se excederon do tipo, concretamente na mesa de contratación estableceuse o seguinte: *“Por último se procede a apertura do sobre B co seguinte resultado:*

- 1. Eirademouros Sociedade Cooperativa Galega presenta unha oferta económica polo importe de 151.510,15 euros, excedendose do presuposto base de licitación.*
- 2. Serviterra Enxeñería S.L presenta unha oferta económica polo importe de 133.210,94 euros.*
- 3. Sociedade Cooperativa Galega de Traballo Tagen Ata presenta unha oferta económica polo importe de 145.310,25 euros, excedendose do presuposto base de licitación.*

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de obras de Rehabilitación da Area Recreativa A Veronza O Xestal a empresa Serviterra Enxeñería S.L, sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado e excluír da licitación as restantes empresas posto que se exceden na súa oferta do presuposto base de licitación.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

- 1. Adxudicar o contrato denominado “Rehabilitación da Area Recreativa a Veronza o Xestal” a empresa Serviterra Enxeñería S.L.*
- 2. A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.*

APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA “REHABILITACIÓN DA AREA RECREATIVA A VERONZA O XESTAL”

Ponse de manifesto por parte do secretario a presentación do Plan de Seguridade e Saude no traballo presentado pola Empresa Serviterra Enxeñería S.L. con data RE 26 de abril de 2013 e informado favorablemente pola Coordinadora en materia de Seguridade e saude Dona Isabel Paz Johnstone en data de 29 de abril de 2013.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do citado Plan e o seu envío a autoridade laboral competente e a Coordinadora en materia de Seguridade aos efectos de que remita ao Concello as incidencias que corresponda do Libro de Incidencias.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

**APROBACION DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS OBRA “REHABILITACIÓN DA
AREA RECREATIVA A VERONZA O XESTAL”**

Ponse de manifesto por parte do secretario a presentacion do Plan de xestión de Residuos presentado pola Empresa Serviterra Enxeñería S.L. con data RE 26 de abril de 2013 e informado favorablemente pola Dirección facultativa a cargo de Dona María Escudero Rossinogli en data de 29 de abril de 2013.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do citado Plan.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

